



Agrupación Médica

de



NOTA DE PRENSA 10/07/2012

O ACTUAL SISTEMA DE ACESO E AVALIACIÓN DAS XEFATURAS (DE SERVIZO E SECCIÓN) DO SERGAS É ARBITRARIO, E DEBE SER MODIFICADO.

O xoves, 12 de xullo, as 9:30 horas terá lugar, no Hospital Montecelo, o acto público de defensa dos Curriculum Vitae e Proxectos Técnicos dos dous candidatos á Xefatura do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP).

Todo o proceso que levou até esta convocatoria, [tal como o describe o principal afectado e se ten publicado nalgúns medios de comunicación](#), semella estar cheo de arbitrariedades e ter ante todo un carácter de “vendetta” política, de tentar substituír a un xefe de servizo “non adepto” por outro “adepto”. As implicacións do caso sobordan amplamente o ámbito local pontevedrés, e deixan ver claramente que o actual sistema de acceso ás xefaturas no SERGAS está deseñado para permitir a arbitrariedade e o nepotismo. A Agrupación Médica da CIG (AgM-CIG) considera que ese sistema precisa ser modificado de maneira que existan garantías de que os principios de igualdade, mérito, e coñecemento, sexan os determinantes no acceso aos postos de xefatura do SERGAS.

A **Agrupación Médica da CIG** (AgM-CIG) quere deixar claro que considera inaceptábel o comportamento do SERGAS e da Dirección do CHOP durante todo o proceso. Manifestamos a nosa solidariedade co Dr. Pedreira que, dun xeito malévolo e inxusto, corre un serio risco de verse privado da xefatura que ostenta desde hai 30 anos, durante os que demostrou dabondo a súa capacidade como profesional e bo xestor do Servizo de Psiquiatría do CHOP.

Ademais, como profesionais, preocupáanos fondamente o que todo este proceso está demostrando: baixo o actual réxime xurídico, os facultativos temos moi poucas garantías de que os criterios técnicos de mérito e coñecemento sexan os que

primen no acceso ás xefaturas do SERGAS. Ese marco xurídico¹ semella redactado para permitir a total arbitrariedade dos Xerentes durante o proceso selectivo das xefaturas, e debe ser modificado.

Na opinión da Agrupación Médica de CIG (AgM-CIG), na modificación do proceso selectivo das xefaturas deberían terse en conta os seguintes aspectos:

- **A AgM-CIG comparte plenamente o fin das xefaturas vitalicias** que se estableceu no Decreto 260/2005, e defende que periodicamente todas as xefaturas deben ser reavaliadas.
- **A ambigüidade actual sobre o valor da exclusividade no proceso de selección das xefaturas debe desaparecer:** a dedicación exclusiva á sanidade pública debe ser esixida a todos os candidatos ás xefaturas, ou cando menos debe ter un peso claro, determinante, e que non se preste a interpretacións interesadas por parte dos xerentes, como sucede actualmente.
- **A actual discrecionalidade total que teñen os Xerentes para nomear aos membros dos tribunais das xefaturas, ten que ser modificada.** Que os criterios de igualdade, mérito e coñecemento sexan os determinantes no proceso de selección das xefaturas só poderá ser unha realidade críbel cando o procedemento de selección da maioría dos membros dos tribunais non dependa do criterio arbitrario do xerente correspondente, como sucede na actualidade. Enténdase ben, somos plenamente conscientes de que as xefaturas son ante todo responsabilidades de xestión, e que o mellor clínico non ten porque ser necesariamente o mellor xestor. Por este motivo, coidamos que no tribunal debe estar presente a Dirección do Centro, mais iso non pode significar

¹ As tres principais normas legais, publicadas no DOG, que regulan o proceso de acceso ás xefaturas no SERGAS son as seguintes: o *Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario*, a *Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias*, e a *Resolución do 13 de xullo de 2011 pola que se procede a publicar a Orde do 6 de xullo de 2011 pola que se establecen as bases do procedemento para a reavaliación de determinadas xefaturas de persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde*.

que sexa o criterio unilateral do Xerente quen decida a composición de todo o tribunal.

- **O sistema de puntuación dos méritos debe corrixirse para evitar que poida ser usado arbitrariamente**, co obxecto de eliminar artificialmente as diferenzas nos méritos dos diferentes candidatos. O procedemento de asignar a máxima puntuación a todos os candidatos, como sucedeu o ano pasado no CHUS, fixo desaparecer na práctica as evidentes diferenzas existentes entre os méritos dos candidatos, e permitiu que o único decisivo na elección fora a opinión subxectiva dos membros do tribunal sobre a calidade dos proxectos técnicos dos candidatos. Asignar a máxima puntuación ao candidato que teña máis méritos, e darlles aos demais os puntos proporcionais correspondente, semella unha maneira sinxela de resolver o problema, de querer facelo.
- **A AgM-CIG sempre defendeu que foran avaliadores profesionais pertencentes a unha Axencia de Avaliación** que o SERGAS debe crear, quen deberían levar o peso fundamental das avaliacións dos profesionais a efectos de Carreira Profesional e de acceso e reavaliación das xefaturas.
- **A opinión dos profesionais do servizo sobre a idoneidade de quen opte á Xefatura dun Servizo**, debe ser un elemento importante do proceso de avaliación e reavaliación das xefaturas.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2012